

O PAPEL

No Antigo Exipto escribíase sobre papiro (de onde provén a palabra papel). Este obtíñase a partir do talo dunha planta moi abundante nas ribeiras do río Nilo

En Europa, durante a Idade Media, utilizouse o pergamiño que consistía en peles de cabra ou de carneiro curtidas, preparadas para recibir a tinta. Os pergamiños eran moi caros.

Sen embargo, os chinos xa fabricaban papel a partir dos residuos da seda, a palla de arroz e o cáñamo, e mesmo do algodón. Considérase tradicionalmente que o primeiro proceso de fábrica do papel fíxoo Cain Lun, conselleiro do emperador Hei de Han, no século dous despois de Cristo. Durante uns 500 anos, a arte da fábrica de papel estivo limitado a China; no ano 610 introduciuse no Xapón, e arredor do 750 en Asia central. O coñecemento transmitiuse aos árabes que, á súa vez, o levaron no século dez á Península Ibérica e Sicilia. A elaboración de papel estendeuse a Francia que o producía utilizando liño desde o século doce.

Escrebe se cada unha destas oracións é verdadeira (V) ou falsa (F).

- No Antigo Exipto escribíase sobre peles de animais.
- O pergamiño facíase co talo dunha planta chamada papiro.
- Os chinos fabricaban papel a partir dos residuos da seda.
- Os árabes introduciron o papel en Europa no século dez.
- En Xapón non coñeceron o papel até o século vinte.
- No Exipto antigo escribíase sobre papiros.
- A palabra papel provén precisamente da palabra papiro.

Completa as frases:

O pergamiño consistía ende cabra ou de carneiro curtidas.

Enfacíase papel con residuos de seda, palla de arroz e cáñamo.

No ano introduciuse a fábrica do papel en Xapón.

Antes da chegada do papel en Europa usábase

O inventor do papel puido ser unal servizo do emperador chino.

Escolle a oración que explica correctamente a que está subliñada.

O pergamiño consistía en peles de cabra ou de carneiro curtidas,

As peles de cabra ou carneiro usábanas os peregrinos.

O pergamiño facíase cos cornos das cabras e carneiros.

Coa pel das cabras e añas facíanse os pergamiños.

Os chinos fabricaban papel cos residuos da seda, a palla de arroz e o cáñamo.

Con palla de arroz e cáñamo os chinos aprenderon a facer papel.

Os chinos facían seda e usábana como papel.

O cáñamo e a palla de arroz eran utilizados para fabricar residuos de seda.

Durante uns 500 anos, a arte da fabricación de papel estivo limitado a China.

Hai 500 anos a fabricación de papel xa se coñecía en toda China.

Hai 500 anos os chinos non sabían aínda fabricar papel.

Durante 500 anos só os chinos fabricaron papel.

O coñecemento transmitiuse aos árabes, quen o levaron á Península Ibérica e Sicilia.

Os árabes aprenderon a fabricar papel e trouxérono á Península Ibérica e Sicilia.

Os árabes aprenderon a fabricar papel na Península Ibérica e Sicilia.

Só na Península Ibérica e Sicilia fabricaron papel os árabes.

A elaboración de papel estendeuse a Francia que o producía utilizando liño desde o século doce.

En Francia comezaron a fabricar papel no século doce.

En Francia usaban liño até o século doce.

No século doce Francia non quixo producir liño para facer papel.